

COMPETICIÓN ASCENSO DE 2ª AUTONÓMICA MASCULINA A 1ª AUTONÓMICA MASCULINA

Na actualidade, a 2ª Autonómica Masculina é a única categoría do balonmán galego na que se poden acadar dereitos deportivos (dentro das competencias da Federación Galega de Balonmán) de cara á seguinte tempada; por este motivo e coa clara intención de valorar o esforzo realizado polos clubs na campaña 19/20; a Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán acordou respectar as opcións de ascenso directo de todos os equipos que a día 13 de marzo de 2020 (data na que finalizou a competición por mor da pandemia do COVID-19) tiñan oportunidades reais para a consecución deste mérito. A competición de loita polo ascenso a 1ª Autonómica terá o seguinte formato:

EQUIPOS CON DEREITO A PARTICIPAR: Asmubal Meaño, Bm. Reconquista, Granitos Ibéricos Carballal, Bm. Camariñas. No “Estudo Inicial” aclararemos a situación de Bm. Tui e Bm. Línea 21.

OBXECTIVO: Dar a opción de acadar unha das dúas prazas de ascenso directo e que os equipos poidan partir dunha situación clasificatoria similar á que tiñan o 13 de marzo de 2020.

PUNTO DE PARTIDA: Os equipos participantes partirán cunha clasificación elaborada a partir do seguinte criterio: terase en conta unha suma da clasificación da primeira volta (na que todos os equipos xogaron contra todos) e da clasificación da segunda volta, tendo en conta tan só os resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos participantes nesta competición de ascenso, xa que nesta fase da tempada 19/20 non se enfrontaron todos contra todos.

FORMATO DE COMPETICIÓN: Tan só se disputarán os enfrontamentos directos que resten na tempada 19/20, entre os equipos involucrados na loita polo ascenso. O formato será o mesmo que nun encontro de liga, localitario/visitante, respectando o establecido no calendario da tempada 19/20 e coas mesmas tarifas arbitrais.

DATAS DE COMPETICIÓN: As datas concretaranse en canto a información acerca da evolución da pandemia do COVID-19 permita realizar esta programación; de poder levarse a cabo con total normalidade a tempada 20/21, esta fase tería lugar entre o 30 de agosto e o 13 de setembro de 2020.

ESTUDO INICIAL (Descarte de Bm Línea 21 e Bm Tui da loita):

PARTICIPANTES: Asmubal Meaño, Bm. Reconquista, Granitos Ibéricos Carballal, Bm. Camariñas, Bm. Tui, Bm. Línea 21.

CLASIFICACIÓN INICIAL:

POSTO	EQUIPO	1ª VOLTA				2ª VOLTA				TOTAL				Nº PARTIDOS POR DISPUTAR
		PUNTOS	GF	GC	DFG	PUNTOS	GF	GC	DFG	PUNTOS	GTF	GTC	DTG	
1º	ASMUBAL MEAÑO	21	378	300	78	4	68	57	11	25	446	357	89	3
2º	BM. RECONQUISTA	21	394	264	130	2	67	51	16	23	461	315	146	3
3º	BM. CAMARIÑAS	19	377	305	72	2	58	61	-3	21	435	366	69	3
4º	AD. CARBALLAL	18	348	295	53	0	29	31	-2	18	377	326	51	4
5º	BM. TUI	12	359	338	21	2	25	22	3	14	384	360	24	4
6º	BM. LÍNEA 21	12	299	304	-5	2	103	128	-25	14	402	432	-30	1

* Bm Línea 21 ten un encontro aprazado con Chapela da 1ª volta (22/12/19), non se contabiliza a ningún efecto; consideramos que o feito de non disputar un encontro aprazado dentro dun prazo de case tres meses non pode valorarse positivamente.

XORNADAS:

1	CLUBE BALONMAN TUI - BALONMANO RECONQUISTA GRUPO FORBE
	BM CAMARIÑAS CONSERVAS BOYA - GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL
2	BALONMANO RECONQUISTA GRUPO FORBE - BODEGAS AQUITANIA ASMUBAL
	BM LINEA21 ARCOPONTE - BM CAMARIÑAS CONSERVAS BOYA
3	GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL - CLUBE BALONMAN TUI
	BODEGAS AQUITANIA ASMUBAL - CLUBE BALONMÁN TUI
4	BALONMANO RECONQUISTA GRUPO FORBE - GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL
	BODEGAS AQUITANIA ASMUBAL - GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL
	CLUBE BALONMAN TUI - BM CAMARIÑAS CONSERVAS BOYA

Con esta clasificación as opción de Bm. Línea 21 e Tui son nulas; realizando un estudo das posibilidades de estes dous equipos o día 13/03/20, aínda que matematicamente poida parecer que as opcións de ascenso son reais, para que se dese este caso, os equipos que ocupan os primeiros postos terían que perder todos os encontros, circunstancia practicamente imposible debido a que quedan enfrontamentos directos entre eses equipos que farán que inevitablemente puntúen. Polo tanto, o Bm Tui e o Bm Línea 21 quedarían oficialmente fora desta loita.

COMPETICIÓN DEFINITIVA POLO ASCENSO 20/21:

PARTICIPANTES: Asmubal Meaño, Bm. Reconquista, Granitos Ibéricos Carballal, Bm. Camariñas.

CLASIFICACIÓN INICIAL:

POSTO	EQUIPO	1ª VOLTA				2ª VOLTA				TOTAL				Nº PARTIDOS POR DISPUTAR
		PUNTOS	GF	GC	DFG	PUNTOS	GF	GC	DFG	PUNTOS	GTF	GTC	DTG	
1º	ASMUBAL MEAÑO	21	378	300	78	2	30	26	4	23	408	326	82	2
2º	BM. CAMARIÑAS	19	377	305	72	2	58	61	-3	21	435	366	69	1
3º	BM. RECONQUISTA	21	394	264	130	0	31	32	-1	21	425	296	129	2
4º	AD. CARBALLAL	18	348	295	53	0	0	0	0	18	348	295	53	3

XORNADAS:

1	BM CAMARIÑAS CONSERVAS BOYA - GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL
	BALONMANO RECONQUISTA GRUPO FORBE - BODEGAS AQUITANIA ASMUBAL
2	BALONMANO RECONQUISTA GRUPO FORBE - GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL
3	BODEGAS AQUITANIA ASMUBAL - GRANITOS IBÉRICOS CARBALLAL

Para a resolución de empates que non atopen conclusión na táboa clasificatoria desta competición, poderán tomarse coma referencia os resultados da tempada 19/20.